



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Teoría da Educación non Formal e Informal		Código	652811202
Titulación	Diplomado en Educación Social			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	1º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Malheiro Gutiérrez, José Manuel	Correo electrónico	jose.malheirog@udc.es	
Profesorado	Malheiro Gutiérrez, José Manuel	Correo electrónico	jose.malheirog@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A3	Comprender os supostos e os fundamentos teóricos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A4	Coñecer as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A8	Coñecer as características dos contornos de intervención do/a educador/a social, da súa evolución e prospectiva, así como da súa configuración e regulamentación a través de institucións profesionais.
A18	Coñecer, integrar e articular os recursos sociais, institucionais persoais para levar a cabo o traballo nun determinado ámbito de acción.
A25	Desenvolver unha disposición, aptitude e competencia lingüística que favoreza o traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Coñecer, e saber utilizar as fontes de información.
B3	Saber presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B6	Comunicarse oralmente e por escrito nas linguas oficiais.
B9	Capacidade crítica e autocrítica.
B11	Recoñecer e respectar a diversidade e a multiculturalidade.
B12	Ser capaz de cuestionar a propia escala de valores e comprender as responsabilidade éticas, profesionais e sociais da profesión.
B17	Ser capaz de actuar con creatividade, incorporando perspectivas diferentes e ofrecendo novas solucións aos problemas.
B18	Ser quen de actuar con iniciativa, autonomía e creatividade, incorporando perspectivas diferentes e ofrecendo novas solucións aos problemas.
B19	Saber traballar en equipo de xeito colaborativo.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Comprender os supostos e os fundamentos teóricos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.	A3	B1 B3 B9 B11 B18 B19	C1 C3 C4 C7 C8
Coñecer as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.	A4		
Coñecer as características dos contornos de intervención do/a educador/a social, da súa evolución e prospectiva, así como da súa configuración e regulamentación a través de institucións profesionais.	A8		
Coñecer, integrar e articular os recursos sociais, institucionais persoais para levar a cabo o traballo nun determinado ámbito de acción.	A18		
Desenvolver unha disposición, aptitude e competencia lingüística que favoreza o traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.	A25		
Coñecer, e saber utilizar as fontes de información.		B1	
Comunicarse oralmente e por escrito nas linguas oficiais.		B6	
Ser capaz de cuestionar a propia escala de valores e comprender as responsabilidades éticas, profesionais e sociais da profesión.		B12	
Ser capaz de actuar con creatividade, incorporando perspectivas diferentes e ofrecendo novas solucións aos problemas.		B17	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
I: Educación formal, non formal e informal como universo educativo. Delimitacións conceptuais, terminolóxicas e relacionais.	1.- O universo educativo: diversos planteamentos. 2.- Expresións e conceptos pedagóxicos próximos ós de educación informal e non formal. 3.- Tripartición do universo educativo e relación entre os tres sectores. Cuestións críticas.
II: Educación informal	1.- A educación informal e outros conceptos sociolóxicos, antropolóxicos e psicolóxicos. 2.- O concepto de educación informal. 3.- Educación informal e formalización.
III: Educación non formal.	1.- Aspectos conceptuais, históricos e metodolóxicos da educación non formal. 2.- Ámbitos de educación non formal. 3.- Planificación e avaliación en educación non formal.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	3	0	3
Análise de fontes documentais	9	18	27
Aprendizaxe colaborativa	0	15	15
Eventos científicos e/ou divulgativos	0	6	6



Lecturas	0	20	20
Traballos tutelados	0	20	20
Presentación oral	2	0	2
Recensión bibliográfica	0	20	20
Sesión maxistral	2	0	2
Atención personalizada	10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.

Atención personalizada



Metodoloxías	Descrición
<p>Análise de fontes documentais</p> <p>Lecturas</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Presentación oral</p> <p>Recensión bibliográfica</p>	<p>Tanto as sesións maxistras como a análise de fontes documentais, así como os traballos relativos ao estudo de casos, as presentacións orais ou as actividades de aprendizaxe colaborativa terán unha atención personalizada ao alumnado coa finalidade de facer un seguimento individualizado do seu traballo e das súas actividades de aprendizaxe.</p>

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.	15
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.	5
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.	10
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.	35
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.	10
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.	25
Outros		

Observacións avaliación

- A asistencia as sesións de clase é imprescindible e será obxecto de avaliación.
- Calquer circunstancia persoal que poida alterar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada para a súa oportuna e axeitada consideración

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- VARELA ULLA, C. M. (Coord.) (2002). A Realidade da acción cultural, xuvenil e deportiva dos concellos da provincia da Coruña : informe preliminar. Coruña, Deputacion Provincial de A Coruña- KAPUSCINSKI, R. (1998). Ébano. Barcelona, Anagrama- SARRAMONA, J. et al. (1998). Educación no formal. Barcelona, Ariel- SANZ FERNÁNDEZ, F. (2006). El aprendizaje fuera de la escuela. Tradición del pasado y desafío para el futuro. Madrid, Ediciones Académicas- VIDAL P. (coord.) (2006). El movimiento asociativo juvenil : escuelas de ciudadanía: la valoración social de los aprendizajes en las organizaciones juveniles. Madrid, Consejo de la Juventud de España- CASTILLO ARREDONDO, S., CABRERIZO DIAGO, J. (2004). Evaluación de programas de intervención socioeducativa : agentes y ámbitos. Madrid, Pearson- DOMÍNGUEZ ARANDA, R., LAMATA COTANDA, R., BARÁIBAR LÓPEZ, J. M. (Coords.) (2003). La construcción de procesos formativos en educación no formal. Madrid, Narcea- TRILLA, J. et al. (1998). La educación fuera de la escuela: ámbitos no formales y educación social. 3ª ed.. Barcelona, Ariel- TRILLA, J. (1986). La educación informal. Barcelona, PPU- BADIA GARGANTÉ, A., MAURI MAJÓS, T., MONEREO FONT, C. (Coords.): (2006). La práctica psicopedagógica en educación no formal. Volumen II.. Barcelona, UOC- PASTOR HOMS, Mª. I. (2001). Orígenes y evolución del concepto de educación no formal?, en :Rev. Española de Pedagogía, año LIX, nº 220, 525-544..- Galeano, E. (1998). Patas arriba. Madrid, Siglo XXI- SANTOS REGO, A. (ed.) (2009). Políticas educativas y compromiso social. Barcelona, Octaedro- ESPADA, A. (2000). Raval. del amor a los niños. Barcelona, Anagrama- RODRÍGUEZ-ABELLA GÓMEZ, XOSÉ M. (2000). Recursos educativos públicos do municipio de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela: Concello de Santiago de Compostela, Departamento de Educación e Mocidade- JORDÁN SIERRA, J. A. (1993). Reflexiones en torno a la consideración pedagógica de la educación formal, no formal e informal, Teoría de la educación, vol. 5, 139-148..- (2005). REVISTA DE EDUCACIÓN .- PASTOR HOMS, Mª. I. (1999). ?Ámbitos de intervención en educación no formal. Una propuesta taxonómica?, en Teoría de la educación, vol. 11 (1999), 183-215..
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- BOUZADA FERNÁNDEZ, X. (Coord.) (2000). Cultura e concellos : as estratexias da promoción cultural no ámbito local: actas dos I Encontros Cultura e Concellos celebrados en Santiago de Compostela o 27 e 28 de novembro de 1998. Santiago de Co. Santiago, Consello da Cultura Galega- BOUZADA FERNÁNDEZ, X. (Coord.) (2001). Cultura e desenvolvemento local : actas dos II Encontros Cultura e Concellos celebrados en Santiago de Compostela o 23 e 24 de xuño de 2000. Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega- BOUZADA FERNÁNDEZ, X. (Coord.): (2006). Cultura e novas tecnoloxías : actas dos IV Encontros Cultura e Concellos celebrados os días 18 e 19 de xuño de 2004 en Santiago de Compostela. Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega- BOUZADA FERNÁNDEZ, X. (Coord.) (2004). Cultura e participación : actas dos III Encontros Cultura e Concellos celebrados os días 30 de novembro e 1 de decembro de 2001 en Santiago de Compostela. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega- BOUZADA FERNÁNDEZ, X. (Coord.) (2004). Cultura e participación : actas dos III Encontros Cultura e Concellos celebrados os días 30 de novembro e 1 de decembro de 2001 en Santiago de Compostela. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega- MOCHÓN MORCILLO, F. (2009). Economía, Teoría y Política. Aravaca (Madrid). McGraw Hill- AGUIAR DE LUQUE (DIR.) (2009). Estado aconfesional y laicidad. Cuadernos de Derecho Judicial. Madris, CGPJ

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
<ul style="list-style-type: none">- É obrigatoria a entrega cumprimentada da ficha de identificación personal.- Non se admitirán traballos dos que o profesor ou profesora non teña constancia da súa realización.- As datas de entrega dos traballos son inamovibles, agás casos excepcionais.- Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos esixidos. De faltar algunha das partes, o alumno/a figurará como NON PRESENTADO/A.- Os traballos escritos presentaránse grapados e ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor/profesora). Non é necesario entregalos encadernados, con fundas de plástico, anillas ou deseños similares. É aconsellable facer copi do orixinal que se entregue.- As Tutorías serán, Luns: de 11-12:30 e de 16 a 18 horas martes: de 10:30 a 14:30 horas- Data do examen: decembro: 01/02/2010 12-14 horas, aula -1/3 setembro: 14/09/2010 09-11 horas, 1 aula 1/1

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías